- O coñecemento de Francia e dos países francófonos, da vida e costumes dos seus habitantes.
- O desenvolvemento de competencias clave que están na base da educación permanente.
- A preparación para as probas oficiais dos niveis A1, A2 e B1, tanto nos centros de certificación franceses (DELF), como nas Escolas Oficiais de Idiomas no noso país.

2. **Estratexias metodolóxicas**

Na **ESO**:

- O alumno é guiado polo profesor no seus descubrimentos lexicais, gramaticais, fonéticos e comunicativos, pasando pouco a pouco a reutilizar os elementos descubertos aplicándoos a diferentes situacións comunicativas.
- A perspectiva “accional” anima á acción e propón tarefas en forma de resolución de problemas.
- O alumno constrúe a súa aprendizaxe revisando continuamente o adquirido para empregalo en novos contextos.
- Inclúense momentos de observación e de descubrimento, de memorización e repetición, de posta en práctica e de reemprego, momentos de expresión libre e de actividades de grupo.
- As competencias clave e os temas transversais son tratados no interior mesmo do proceso de adquisición da lingua contribuíndo dun modo máis eficaz ao desenvolvemento integral do alumno.

3.

No **Bacharelato**:

A aprendizaxe faise por medio de diferentes enfoques ou perspectivas:

- Situacional: o material lingüístico e sociocultural é presentado a partir de contextos significativos e realistas.
- Gramatical: os alumnos son conducidos na observación e fixación de estruturas, e en caso necesario, establécese un contraste coa súa lingua materna.
- Funcional: o estudante da lingua debe constantemente poñer en xogo a súa propia competencia comunicativa (os seus coñecementos das estruturas gramaticais, do léxico, etc.) para interactuar de maneira eficaz en situacións específicas.

3. Secuenciación habitual de traballo na aula

Tanto na ESO como no Bacharelato, e dado o carácter da materia e dos métodos utilizados, o traballo na aula non segue a mesma secuenciación día a día. Podemos falar de diferentes situacións dependendo do momento educativo no que nos atopamos. Así inclúense momentos de:

- **Motivación**, para presentar as distintas actividades.

- **Explicación** de conceptos e información sobre as tarefas a realizar. En caso necesario, **información** complementaria para reforzo ou ampliación.

- **Traballo persoal e en grupo** (audición e repetición de textos para exercitarse na pronuncia e na comprensión oral, preparación de diálogos ou exposicións orais, respostas a preguntas, lectura comprensiva, realización de exercicios orais e escritos de carácter gramatical, fonético, lexical ou comunicativo, produción de textos escritos, posta en común das tarefas realizadas,...).

- **Avaliación:**

- . Análise da produción oral e escrita (no caderno persoal).
- . Probas orais e escritas.
- . Traballos individuais e en grupo.
- . Observación do traballo na aula.

2.- Outras decisións metodolóxicas

1.- Agrupamentos

En principio só se realizarán agrupamentos dentro da aula se se considera necesario, nalgúns casos, para a realización de tarefas en común, como pode ser a preparación de diálogos ou traballo en grupo.

2. Tempos

Os tempos, no proceso de ensino-aprendizaxe, serán os que aparecen no apartado de “Secuenciación e temporalización de contidos por unidades didácticas”.

O número de sesións semanais para a materia de Francés Segunda lingua Estranxeira son:

- 1º, 2º e 3º ESO: 2 sesións semanais.
- 4º ESO: 3 sesións semanais.
- 1º de Bacharelato: 2 sesións semanais.
- 2º de Bacharelato: 3 sesións semanais.

Na **ESO** a distribución das unidades do método PARACHUTE nos respectivos cursos será a seguinte:

- . Primeiro trimestre: unidades 0-1-2
- . Segundo trimestre: unidade 3-4
- . Terceiro trimestre: unidade 5-6

En Bacharelato durante este curso non haberá grupos de Francés no centro, posto que o curso pasado non houbo grupos nin en 4º ESO nin en 1º de Bacharelato. Queremos sinalar non obstante que a distribución de unidades do método **GÉNÉRATION LYCÉE** faríase tendo en conta as consideracións previas que ofrece a editorial Santillana con respecto ao método “C’EST À DIRE! LYCÉE”, e que nos parecen aplicables ao método GÉNÉRATION LYCÉE, da mesma editorial. Reproducimos a continuación ditas consideracións:

“Consideracións previas

- *C’EST À DIRE ! es un material **flexible** y se podrá adaptar a las situaciones más variadas, por lo que las indicaciones que damos a continuación son a título meramente orientativo. Cada profesor decidirá cómo repartir la materia presentada en función del número de horas de las que dispone para impartir la asignatura, de si enseña francés como primera lengua extranjera o segunda lengua extranjera, del nivel de partida de su grupo de alumnos [...].*
- *Muy a grandes rasgos, se dan **dos posibilidades**:*
 - *El profesor dispone de las condiciones idóneas para abarcar C’EST À DIRE A1 → A2 enteramente en el primer curso de Bachillerato.*
 - *El profesor no disfruta de tales condiciones y prefiere repartir la materia de C’EST À DIRE A1 → A2 entre los dos cursos de Bachillerato.*
- *Probablemente, caben todo tipo de **situaciones intermedias**, que llevarán al profesor a elegir opciones intermedias también, como :*
 - *En 1º empezar con el primer libro y dejarlo sin terminar, teniendo en cuenta que el*

segundo libro (C'EST À DIRE ! A2 → B1) empieza por un repaso.

En 2º utilizar C'EST À DIRE ! A2 → B1, con un ritmo más ligero, puesto que los alumnos ya están familiarizados con el idioma y con las técnicas de aprendizaje.

- En 1º utilizar C'EST À DIRE ! A1→ A2 y seguir con él en 2º hasta apurarlo; enlazar en el segundo trimestre con C'EST À DIRE ! A2 → B1, dejando el libro cuando se considera alcanzado el nivel A2.
- El decidir entre una modalidad u otra no dependerá sólo del número de horas de clase sino también de la opción metodológica de cada profesor y de la actitud de los alumnos. Las alternativas y sus combinaciones son casi infinitas, aunque todas giran en gran parte alrededor de una disyuntiva: correr más para dar un “aperçu” general de más contenidos (que se repasarán más adelante) o avanzar más pausadamente, buscando una mayor exposición a cada contenido, una mayor profundización y un mayor grado de adquisición por parte de los alumnos. “

3. Espazos

Neste curso establecéronse no centro aulas materia.

O espazo para a impartir as clases será polo tanto a aula de Francés. En caso de realización de traballos, individuais ou en grupo, poderase decidir a súa exposición nos taboleiros con que conta o centro nos corredores ou na entrada.

Tamén poderase facer uso da biblioteca en caso necesario.

4. Materiais

- Libro do alumno (en papel)
- Caderno persoal
- Ordenador
- CDs audio, DVDs
- Canón de vídeo
- Pizarra
- Libro para pizarra interactiva
- Fotocopias
- Outros

4. Recursos didácticos

- Libros de consulta: gramáticas, diccionarios
- Libros de lectura
- Internet, páxinas web
- Xogos: números, horas, profesións, verbos...
- Cancións
- Mapas e pósters.

1. Procedementos de avaliación inicial**En que data se realizará?**

A avaliación inicial na ESO realizarase ao comezo do curso, no mes de setembro.

En que consistirá? (proba tipo test, preguntas e respostas, etc. Relacionados cos estándares).

Faranse unha serie de actividades para saber o grao de competencia que os alumnos posúen sobre a materia e ao mesmo tempo, actualizar os seus coñecementos traendo á memoria o xa aprendido no curso ou cursos anteriores.

A avaliación inicial levarase a cabo mediante a observación na aula, a través de distintas tarefas que lles encomende o profesor (escoitar, comprender, falar ...) ou ben, se se considera necesario, a través de probas escritas en relación cos estándares de aprendizaxe básicos necesarios para abordar o novo curso. Entre estes figurarán os relacionados coa participación, a interacción e a actitude cara a materia.

No referente ao alumnado de 1º ESO, a proba escrita versará sobre os estándares correspondentes en Lingua Castelá (comprensión e expresión escrita, coñecemento da lingua) sempre que os alumnos non estudasen Francés con anterioridade.

Como se informará á familia?

En principio só se informará ás familias do resultado da avaliación inicial cando se considere necesario.

Cales serán as consecuencias dos resultados?

Os resultados da avaliación inicial servirán para organizar o novo curso, adaptando a programación ás características xerais do alumnado. En caso de que se observen dificultades importantes para a aprendizaxe nalgún alumno ou alumna, estes serán propostos para as clases de Reforzo Educativo.

2.- **Acreditación de coñecementos previos (2º Bac) [se procede]**

Que procedemento se seguirá? (Marcar cunha cruz)

Matrícula como pendente X (no caso de 2º de Bacharelato)

Proba X

Para a acreditación de coñecementos previos dos alumnos e alumnas que se matriculen de Francés II en 2º de Bacharelato sen ter cursado Francés I en 1º, realizarase unha **proba escrita** de avaliación ao comezo do curso. “*A data límite para a realización desta acreditación será antes do inicio das actividades lectivas. Desta circunstancia deixarase constancia mediante unha dilixencia no historial académico, no expediente académico e, de ser o caso, por medio de observación no informe persoal por traslado.*” (RESOLUCIÓN do 15 de xuño de 2016 , da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da ESO e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.).

En caso de non superar esta proba, o alumno ou alumna deberá seguir a materia Francés I como pendente.

Por outra banda, procederase así mesmo á realización de actividades diversas na clase, coa finalidade de observar cales son as competencias de base adquiridas polos alumnos en cursos anteriores. Deste modo, actualizaranse os seus coñecementos e procederase a adaptación da programación ás súas características.

3.- Procedemento avaliación continua

Con que temporalización se farán probas escritas (cada tema, dous, tres, cantas por trimestre ou avaliación, etc.?)

Ao finalizar cada trimestre farase unha proba oral e escrita da unidade ou unidades estudadas.

Nela valoraranse os estándares de aprendizaxe básicos establecidos para os cinco bloques (comprensión de textos orais, produción de textos orais, comprensión de textos escritos, produción de textos escritos e coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe).

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo no caderno, observación. Ponderación, redondeo, ...

As probas cualifícanse cunha nota numérica sobre 10, é dicir, a nota máxima que se pode obter nunha proba é 10, sendo necesario obter un 5 para aprobar.

O peso da nota da proba na cualificación final de cada avaliación será dun 80%.

O 20% restante da cualificación final de cada avaliación corresponderá a observación do traballo do alumno na clase e a súa actitude cara á materia, o traballo no caderno persoal e a realización de traballos en grupo ou de forma individual.

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,

A nota en cada avaliación debe ser un número enteiro. A nota máxima será un 10, sendo necesario obter como mínimo un 5 para aprobar a materia.

O 80% da nota corresponderá á proba oral e escrita realizada ao final do trimestre.

O 20% restante corresponderá á observación realizada polo profesor sobre o traballo diario do alumno (a través do caderno persoal, a participación en clase, o traballo individual e en grupo, o esforzo, a actitude de respecto e colaboración cos compañeiros e co profesor, e o interese pola materia).

Que aspectos se van valorar dentro da observación do traballo na aula?

- A actitude de colaboración e de respecto.
- O atención en clase e a participación nas actividades.
- O esforzo na realización de tarefas.
- A limpeza e orde nos traballos.
- O grao de autonomía (consulta de material cando sexa necesario).
- A asistencia regular ás clases, a non ser que exista unha causa xustificada para ausentarse.

Como se recupera unha proba non superada?

Dado o carácter da materia, na que os novos contidos van integrando de maneira global aos contidos anteriores, e na que a aprendizaxe se fai de maneira progresiva a través do traballo diario, non se realizarán recuperacións das probas de avaliación de cada trimestre.

En caso necesario, estableceranse actividades de reforzo, como fichas para o tratamento da diversidade individual e outros exercicios complementarios para aqueles alumnos que o precisen.

Como se recupera unha avaliación non superada?

Tendo en conta o sinalado no apartado anterior, a recuperación dunha avaliación terá lugar no seguinte trimestre, cando a nota obtida polo alumno na avaliación correspondente a ese trimestre sexa positiva (5 ou maior de 5).

Se o alumno non obtén unha nota positiva nese segundo trimestre, seguirá a materia durante o seguinte trimestre co resto dos alumnos, realizando se o precisa, actividades de reforzo e complementarias. Se alcanza o aprobado na avaliación correspondente a este trimestre (o terceiro), entón a materia do curso estará aprobada. En caso contrario o alumno deberá acudir a proba da avaliación extraordinaria de setembro.

4.- Procedemento avaliación final

Quen debe ir á avaliación final?

Como xa se explicou anteriormente, dadas as características da materia, non haberá proba de avaliación final. Deste modo, os alumnos que teñan suspensa a terceira avaliación, deberán acudir á proba da avaliación extraordinaria de setembro.

A nota da avaliación final corresponderá á nota da terceira avaliación.

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc.?

A nota da avaliación final será a nota da terceira avaliación. Para a obtención desta nota seguiranse os criterios sinalados máis arriba.

Que criterios segue o centro para a promoción?

Na ESO:

CRITERIOS DE PROMOCIÓN.

a) Condicións xerais:

- Cando o alumnado supere todas as materias cursadas.
- Cando o alumnado teña nas materias cursadas, 2 materias avaliadas negativamente que non sexan simultaneamente Lingua Castelá e Literatura con Matemáticas e Lingua Galega e Literatura con Matemáticas.
- O alumnado que promocioe sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo.

b) Condicións excepcionais.

Poderá autorizarse de modo excepcional a promoción do alumnado nas seguintes situacións:

Decreto 86/2015 artigo 23.2. Alumnado **con avaliación negativa en 3 materias** cando se dean simultaneamente as seguintes condicións:

- Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura ou Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas.
- Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non impide ao alumno ou alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica.
- Que se apliquen ao alumno as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

Decreto 86/2015 artigo 23.2. Alumnado **con avaliación negativa en 2 materias** cando son simultaneamente **Lingua Castelá e Literatura con Matemáticas e Lingua Galega e Literatura con Matemáticas.**

“cando o equipo docente considere que o alumno ou alumna pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica, e sempre que se apliquen ao alumno ou alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador”.

CRITERIOS DE REPETICIÓN.

a) Condicións xerais:

En relación aos cursos.

- Quen non promocioe deberá permanecer un ano máis no mesmo curso.
- Pódese repetir o mesmo curso unha soa vez.

- Pódese repetir dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en 3º ou 4º, prolongarase un ano o límite de idade (ata os 19 anos cumpridos no ano no que finalice o curso).
- Excepcionalmente, poderase repetir unha segunda vez en 4º curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.
- En todo caso, as repeticións estableceranse de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumno ou da alumna e estean orientadas á superación das dificultades detectadas.
- A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades do alumno.

En relación ao número de materias.

- Alumnado con avaliación negativa en 3 ou máis materias.
- Alumnado con avaliación negativa en 2 materias que sexan Lingua Castelá e Literatura con Matemáticas e Lingua Galega e Literatura con Matemáticas.
- As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da ESO consideraranse como materias distintas.

ANEXOS.

En relación coa 2ª repetición de 3º ou 4º de ESO

Situación	Decisión	Observacións
Alumnado de 1º ESO. Repite un 1 curso en primaria + 1º de ESO, promociona a 2º de ESO (logra promocionar), cursa 3º de ESO (repite 3º ESO)	2ª repetición en 3º de ESO si logra promocionar a 4º ESO, prolóngase un ano o límite de idade. (19 anos)	Repetiu 2 veces o longo da etapa, a 2ª repetición é de 3º de ESO.
Alumnado de 3º de ESO. Repite 1 curso en primaria + repetición en 3º ESO (logra promocionar a 4º ESO), repite 4º ESO (2ª repetición)	2ª repetición en 4º de ESO, prolóngase un ano o límite de idade (19 anos).	Repetiu 2 veces o longo da etapa, a 2ª repetición é de 4º de ESO
Alumnado de 4º de ESO. Repite 1 curso en primaria + repite 2 veces en 4º de ESO.	2ª repetición en 4º de ESO	Repite 2 veces en 4º de ESO porque non repetiu ningún curso antes en secundaria.
Alumno de 2º de ESO con ACS. Repetiu en 1 curso en primaria +repetiu 1º de ESO +estás repetindo 2º ESO (ACS). Promoción obrigada a 3º de ESO.		Xa repetiu 2 veces na ESO, non pode volver repetir.
Alumno de 2º de ESO con ACS. Repetiu 1 curso en primaria + repetiu 1º de ESO, promocionou a 2º de ESO e logra promocionar a 3º de ESO e repite 3º de ESO.	2ª repetición en 3º de ESO, prolongase un ano o límite de idade.	Repite 2 veces en secundaria, a segunda repetición en 3º de ESO.

En relación coa promoción en 1º ESO.

Situación	Decisión de promoción /repetición	Observacións
Suspende LC e Bioloxía	Promociona	Suspende 2
Suspende LG e Inglés	Promociona	Suspende 2
Suspende LC e LG	Promociona	Suspende 2

Suspende LG e Matemáticas	Repíte	Agás, motivo de excepcionalidade.
Suspende Matemáticas, Bioloxía, CCSS	Repíte	Agás, motivo de excepcionalidade (3 materias distintas de LCL con Mat. E LGL con Mat.)
Suspende Matemáticas, Bioloxía, Oratoria	Promociona	Suspende 2 (oratoria e de Libre Configuración Autonomía que non conta)
Suspende LGL, LCL, CCSS, Oratoria	Repíte	Agás motivo de excepcionalidade, a efectos de promoción ten 3 materias
LGL, Xadrez, CCSS	Promociona	Ten 2 o Xadrez e materia de Libre configuración Autonómica, a efectos de promoción ten 2.

No caso de repetir curso promociona independentemente do número de materias suspensas e do tipo de materias

En relación con alumnado de 2º de ESO con pendentes de 1º de ESO (LOE curso 2014/2015).

Situación	Decisión de promoción / repetición	Observacións
Suspende Matemáticas de 2º de ESO e ten pendente CCNN (LOE) de 1º ESO	Promociona	Ten dúas materias, a efectos de promoción contan as suspensas dos cursos anteriores.
Suspensas Lingua Castelá e Literatura (1º ESO LOE), Ciencias da Natureza (2º ESO), Matemáticas (2º ESO)	Non promociona	Ten 3 materias suspensas e ademais 2 das materias suspensas son LCL e Matemáticas.
Suspende Lingua Galega e Literatura (1º ESO LOE) Matemáticas de 2º ESO	Non promociona	Ten 2 materias suspensas que son LGL e Matemáticas.
Suspende Francés de (1º ESO LOE) e Matemáticas (2º ESO)	promociona	Ten 2 materias suspensas que son Francés e Matemáticas.

No Bacharelato:

- Os alumnos e as alumnas terán promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro.
- Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque.
- Os alumnos e as alumnas poderán repetir cada un dos cursos de bacharelato unha soa vez como máximo, aínda que excepcionalmente poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo dun informe favorable do equipo docente.
- A consellería establecerá as condicións nas que un alumno ou unha alumna que cursasen o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade poidan pasar ao segundo nunha modalidade distinta.
- Os alumnos e as alumnas que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou optar por repetir o curso completo.

5.- Procedemento de avaliación extraordinaria

Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

A proba da avaliación extraordinaria terá soamente carácter escrito debido as circunstancias propias desta avaliación, que imposibilitan a realización dunha proba oral, e corresponderá ás unidades didácticas estudadas durante o curso. Terá un carácter similar ás probas realizadas durante o curso.

Nela valoraranse os estándares de aprendizaxe básicos establecidos para os cinco bloques (comprensión de textos orais, produción de textos orais, comprensión de textos escritos, produción de textos escritos e coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe). Os bloques de comprensión e expresión oral valoraranse na medida do posible.

As probas cualifícaranse cunha nota numérica sobre 10, é dicir, a nota máxima que se pode obter na proba é 10, sendo necesario obter un 5 para aprobar.

Como se cualifica, redondeos, etc.?

A nota da avaliación extraordinaria será un número enteiro, sendo necesario obter como mínimo un 5 para aprobar a materia.

O peso da nota da proba na cualificación desta avaliación extraordinaria será dun 80%.

O 20% restante da cualificación corresponderá a observación feita polo profesor sobre as actividades de reforzo propostas ao alumno para a súa realización durante o verán, ademais de terse en conta tamén o traballo do alumno na clase ao longo do curso (a través do caderno persoal, a participación en clase, o traballo individual e en grupo, o esforzo, a actitude de respecto e colaboración cos compañeiros e co profesor, e o interese pola materia).

6.- Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes

Como se fará o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc.?

Se a materia ten continuidade o alumno pode elixir unha destas opcións:

A) Avaliación continua no curso no que estea matriculado. Considerarase que ten superada a materia pendente no momento en que acade unha cualificación positiva nalgunha das avaliacións trimestrais.

B) O alumno realizará unha serie de actividades propostas pola profesora e referentes aos estándares de aprendizaxe básicos de cada avaliación. Por outra banda deberá facer ademais unha proba global de cada avaliación correspondente á materia pendente. As actividades ou exercicios deberán ser entregados coa antelación suficiente para que poidan ser corrixidos e devoltos, e, se é o caso, se lle podan resolver as dúbidas antes da proba global de cada avaliación.

Neste caso, o traballo realizado durante o trimestre será valorado ata un 20% da nota e o 80% restante corresponderá a proba global.

C) Os alumnos que non recuperen por este procedemento, realizarán, na data sinalada oficialmente (durante o mes de maio) unha proba global final da materia pendente que será a que dará lugar á nota final.

Se a materia non ten continuidade o alumno pode elixir entre a opción **B)** ou a opción **C)**. Neste caso a opción **B)** non contempla probas globais en cada avaliación senón soamente a proba final.

A profesora do departamento de francés estará a disposición dos alumnos e dos seus pais ou titores legais para resolver tódalas dúbidas que se poidan presentar durante a hora de recepción que figura nos seus horarios.

No caso de que os exercicios non se entreguen para corrixir nas datas fixadas aínda que soamente sexan os de unha unidade, o alumno perde o dereito de recuperar a materia mediante este procedemento, tendo que elixir a opción **C)**.

A cada titor ou titora entregáraselle unha copia ao comezo de Curso das medidas de recuperación da materia pendente que non ten continuidade, así como dos criterios de cualificación que son os que figuran na Programación.

Como se avalía? (Avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.)

Se a materia ten continuidade

Farase unha avaliación trimestral da materia pendente no caso de que o alumno ou alumna opte pola opción B. O traballo realizado durante o trimestre será valorado ata un 20% da nota e o 80% restante corresponderá a proba global trimestral.

Se a materia non ten continuidade

Só haberá unha proba final de avaliación de pendentes. O alumno terá a opción de entregar os exercicios correspondentes aos estándares de aprendizaxe básicos de cada avaliación e neste caso, tal como se sinalou

anteriormente, o traballo realizado durante o curso será valorado ata un 20% da nota e o 80% restante corresponderá a proba global final.

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc.?

As probas cualificaranse cunha nota numérica sobre 10, é dicir, a nota máxima que se pode obter nunha proba é 10, sendo necesario obter un 5 para aprobar.

No caso de que o alumno ou alumna opte pola opción **B)** o peso da nota da proba na cualificación final será dun 80%. O 20% restante da cualificación final corresponderá á realización das actividades ou exercicios propostos.

Se o alumno ou alumna opta pola opción **C)**, o peso da nota da proba na cualificación final, será do 100%.

A nota final da avaliación de pendentes será un número enteiro, sendo necesario obter un 5 para aprobar.

Se o alumno segue a opción **A)** a nota global da avaliación da materia pendente, será 5.

Que tipo de proba extraordinaria se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.?

A proba extraordinaria da avaliación de pendentes terá un carácter similar á proba extraordinaria de setembro.

Como se cualifica, redondeos, etc.?

As probas cualificaranse cunha nota numérica sobre 10, é dicir, a nota máxima que se pode obter nunha proba é 10, sendo necesario obter un 5 para aprobar.

6.- OUTRAS AVALIACIÓNS

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc.?				
11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc.?				
12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15.- As medidas de apoio, reforzo, etc. establécense vinculadas aos estándares				
16.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,... ?				

2.- Avaliación da programación didáctica

1.- Mecanismo revisión

Con que periodicidade se revisará

- Mensualmente valoraranse as posibles incidencias no desenvolvemento da programación.
- Ao final de cada trimestre farase unha valoración da marcha dos cursos e grupos tendo en conta:
 - A porcentaxe das cualificacións.
 - Se os contidos foron impartidos como tiñamos previsto, seguindo a temporalización fixada.

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

Levaranse á cabo as medidas de reaxuste que se consideren apropiadas nese momento. Así pódese contemplar a redución do tempo dedicado a algunhas das actividades que se consideren repetitivas ou que se poidan recuperar máis adiante.

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala			
(Indicadores de logro)	1	2	3	4
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

7.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS ORDINARIAS

Organizativas	Curriculares
<p>1. Adecúase a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?</p> <p>a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.</p> <p>b) Espazos diferenciados?</p> <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados?</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos?</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria?</p> <p>4 Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia? <i>A realización de actividades correspondentes á unidade da materia que se está a estudar nese momento.</i></p> <p>5. Desenvólvese algún programa de habilidades sociais?</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?</p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO? <i>SI</i></p> <p>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)? <i>SI</i></p> <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia? <i>NON</i></p> <p>6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?.</p>

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Organizativas	Curriculares
<p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?</p> <p>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?</p> <p>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)?</p> <p>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?</p>	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?</p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?</p> <p><i>NON</i></p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)?</p> <p><i>SI</i></p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización?</p> <p>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc.).</p>

8. Actividades complementarias e extraescolares

COMPLEMENTARIAS

Participación en distintas conmemoracións ó longo do ano escolar (Día da Paz, Día do Libro, Día Internacional da Muller Traballadora, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día Mundial do Ambiente,...), mediante actividades varias como lectura de textos, audicións de cancións, visionado de documentais relativos ao tema, etc.

EXTRAESCOLARES

Prográmase a realización da seguinte actividade:

- Asistencia á unha representación teatral en francés no Auditorio Gustavo Freire de Lugo.

Obra de teatro: LE PETIT MALADE IMAGINAIRE (*La Bohème Théâtre, BHM Producciones*)

Data: 22 de xaneiro de 2019

Hora: 10h

Lugar da actuación: Auditorio Gustavo Freire (Lugo)

En caso de non ser posible a asistencia a esta obra, tratarase de substituíla por outra de características similares.

A realización desta actividade queda pendente da súa aprobación no centro e da dispoñibilidade do profesorado para acompañar ao alumnado.

9. Datos departamento

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Segunda Lingua Estranxeira (Francés)	1º ESO	A	ARSILIA DÍAZ SÁNCHEZ (profesora adscrita ao Departamento de Lingua Castelá e Literatura)
Segunda Lingua Estranxeira (Francés)	1º ESO	B,C,D	Mª PILAR COBO RODRÍGUEZ (xefa do Departamento de Francés)
Segunda Lingua Estranxeira (Francés)	2º ESO	A, B, C, D	Mª PILAR COBO RODRÍGUEZ
Segunda Lingua Estranxeira (Francés)	3º ESO	A/B	Mª PILAR COBO RODRÍGUEZ
Segunda Lingua Estranxeira (Francés)	4º ESO	A/B/C	Mª PILAR COBO RODRÍGUEZ

10. Relación coa resolución

Resolución do .27/7/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	Páxina
a	Introdución e contextualización	3
b	Contribución ás competencias básicas	24
c	Concreción dos obxectivos para curso	4
d	Concreción para cada estándar	24
	1º.- Temporalización	24
	2º.- Grao mínimo de consecución	24
	3º.- Procedementos e instrumentos de avaliación	24
e	Concrecións metodolóxicas	37
f	Materiais e recursos didácticos	41
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	42
h	Indicadores de logro para avaliar o p. ensino e programación d.	51
i	Organización actividades, seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	49
j	Procedemento acreditación coñecementos previos	43
k	Avaliación inicial e medidas	42
l	Medidas de atención á diversidade	54
m	Concreción de elementos transversais	24
n	Actividades complementarias e extraescolares	56
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	52